



Queixas en Cuntis polo aspecto descoidado que presenta o cemiterio

Foron varios os veciños e veciñas que nas últimas semanas manifestaron o seu descontento pola falta de conservación dun espazo que diariamente visitan dúcias de persoas. Igualmente, tamén se fixeron presentes as queixas polo aspecto de suciedade que presentan as rúas de Cuntis.

Cuntis, 24 de agosto de 2016. Nas últimas semanas foron varios os veciños e veciñas que se dirixiron a membros de Veciñanza para amosar o seu malestar polo aspecto que presenta o cemiterio de Cuntis. Descoidado, sen limpar, coa herba sen cortar e ofrecendo unha imaxe de abandono realmente inadecuada para un lugar coma este. A el acoden diariamente moitas persoas e o estado que presenta é foco de comentarios continuos. O seu aspecto pódese comprobar cunha simple visita e a necesidade dunha mínima conservación é urxente.

A estas quéixanse súmanse as que nos últimos días xurdiron entres os veciños e veciñas de Cuntis ao comprobar o aspecto que presentan tamén as rúas do Baño: sen limpar, con lixo polo chan e co aspecto aínda do remate das festas patronais.

Veciñanza recolle a voz de veciños e veciñas que se dirixiron tanto persoalmente a nós como por medio de mensaxes e o envío de fotos para pedirlle ao Goberno Municipal que non descoide as labores máis elementais de limpeza e conservación que Cuntis precisa. En repetidas ocasións Veciñanza ten manifestado que unha vila como a nosa, cun potencial turístico importante, debe presentar sempre o seu mellor aspecto. Desgraciadamente, isto non semella ser importante para o Goberno Local xa que o descoido é permanente e a imaxe que presentan tanto as rúas como moi especialmente un espazo tan concreto como é o cemiterio é verdadeiramente lamentable. Instamos ao Sr. Alcalde a que durante o mes de agosto non se descoiden as tarefas de limpeza e que de inmediato se proceda á limpeza e conservación do cemiterio cuntese.